

Acta de reunión ordinaria da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis, celebrada no salón de actos da sede da Federación Galega de Fútbol, no Estadio Vero Boquete en San Lázaro de Santiago de Compostela, celebrada o 28 de xuño de 2024 as 18:00 horas, coa asistencia dos membros que se detallan á marxe:

**Presidente:** José Mosquera Casero

**Estamento Árbitros:**

Fernando Rodríguez Ferreira

**Estamento Deportistas Tenis Cadeira**

Álvaro Illobre Saavedra

**Estamento Deportistas A Coruña:**

José Deus Brage

Fernando Placer Manzanaro

Simón Fariñas Ferro Marín

**Estamento Deportistas Pontevedra:**

Luis Juan Fernández Martínez

**Estamento Clubs A Coruña:**

Sporting Club Casino Coruña - Gabriel Fernandez Mourelle

**Estamento Clubs Lugo:**

Club de Tenis As Termas- José Andrés Pereiro Pereira

Club Fluvial de Lugo - Manuel Castiñeira Abuín

Club Tenis Chantada- Yolanda Colmenero Veloso

**Estamento Clubs Ourense:**

Club Deportivo Dereito Empresariais- Julio César Rodríguez González

Club Santo Domingo- Alfonso Junco Martínez

**Estamento Clubs Pontevedra**

Asociación Club Tenis Pontevedra- José Luis Padín Núñez

CC Deportivo de Sanxenxo- José M Fariñas Cid

Club Tenis Ponteareas-José Benjamín Martínez Bernárdez

Club Tenis Redondela- Elisa Vieiro Rodríguez

Marco A Casal Costas – asistente a presidencia

M<sup>a</sup> Jesús Fernández García-actúa como secretaria para esta reunión

Acta de sesión:

E aberta polo presidente, e da paso aos distintos puntos da Orde do día:

1. Aprobación da acta da reunión anterior.

Despóis da súa revisión, apróbanse as actas, tanto da reunión de asemblea ordinaria como a da extraordinaria do día 27/01/2024.

2. Liquidación e aprobación das contas anuais de 2023.

O presidente detalla o estado das contas ao peche do 2023 e que se fixeron chegar con anterioridade a todos os membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis.

Procédese a votar a aprobación da liquidación das contas federativas presentadas do exercicio do 2023 que queda como segue:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

3. Memoria de actividade 2023.

A memoria fíxose chegar tamén a todos os membros da Asemblea Xeral con anterioridade a esta reunión. Marco Casal expón os principais capítulos da mesma e publicarase na web federativa para consulta de todos os usuarios.

Procédese a votación

Votos a favor: 15

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

4. Informes do Presidente

O presidente informa dos seguintes temas:

- a) O pasado 16 de xuño disputáronse as finais do 1º Ibérico, resultando vencedores o equipo de Porto na modalidade masculina e o equipo de Galicia na proba feminina.  
Na final feminina as galegas superaron ás vascas sen necesidade de disputar os dobres.  
No cadro masculino O Porto supero tamén ao País Vasco na final.
- b) En relación ao Programa de Corresponsables, estamos á espera da publicación. O máximo outorgado ás federacións será de 75000.
- c) O Club de Campo de Vigo, renuncia á organización do ITF debido á complicación da súa organización no mes de Outubro. Este ano acolleraa o Club de Tenis Pontevedra.
- d) O Presidente informa que coa publicación da “Ley Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte a violencia” (BOE núm. 134, de 05/06/2021), as entidades que realizan de forma habitual actividades deportivas ou de lecer con persoas menores de idade, están obrigadas a designar a figura do Delegado ou Delegada de protección ao que as persoas menores de idade poidan acudir para expresar as súas inquietudes, e quen se encargará da difusión e o cumprimento dos protocolos establecidos, así como de iniciar as comunicacións pertinentes nos casos nos que se detectou unha situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia.  
A Secretaría Xeral para o Deporte está organizando xornada formativas sobre a “Aplicación nas entidades deportivas galegas do Protocolo de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte e sobre as funcións da figura da persoa Delegada de Protección”.

#### 5. Rogos e Preguntas

Luis Fernández pregunta por qué se baixa a subvención de axuda aos subcampións galegos por equipos que asisten aos Campionatos de España en categorías xuvenís, dado que na tempada anterior estaba subvencionado con 100% da subvención.

As bases das axudas a clubs por asistencia a Campionatos de España por Equipos están fixadas para os campións, e nestes últimos anos foi o presidente quen tomou a decisión de ampliar a axuda aos subcampións.

Cada comunidade ten unha única praza como campión territorial, en función das inscricións realizadas por estas, as prazas que quedan libres ata completar o cadro repártense entre as comunidades segundo o número de licenzas.

Pódese chegar a dar o caso de ter mais de 2 equipos rexistrados por categoría.

Ante estas premisas, chegarase a cumprir co orzamento estimado e aprobado, polo que é preciso rebaixar a axuda na inscrición a todos os equipos inscritos en Campionatos de España que non foron campións galegos.

Luis Fernández en relación aos regulamentos das competicións ve necesaria unha revisión dos específicos.

Marco A. Casal respóndelle que os regulamentos están claros e que se sabe sempre os partidos que son obrigatorios xogar e o que non. Hai que xogar polo título, por ascenso e polo descenso. O sistema de categorías xuvenís é correcto.

Os clubes son os responsables da calidade da competición.

E non habendo mais temas que tratar, sendo as 20.30 horas dáse por pechada a sesión, da que se levanta a presente acta, que asino como secretaria da mesma co VºBº do presidente, José Mosquera Casero.

Mª Jesús Fernández García

Vº e prace

José Mosquera Casero  
Presidente

